



### **DESCRIPCIÓN:**

Concíbese o programa de Educación Familiar como un servizo educativo e psicosocial de prevención, intervención e apoio dirixido ás familias e a toda a comunidade. Ten como finalidade promover a calidade de vida e o benestar social das familias e dos membros que a integran. Persegue a promoción da autonomía familiar, o desenvolvemento integral das súas potencialidades e a súa participación activa como protagonistas do seu cambio, a partir dun proceso co-construído entre as familias, as/os profesionais e os axentes da súa comunidade.

### **OBJETIVOS XERAIS:**

- Potenciar a autonomía das familias.
- Favorecer a integración de todos os membros da unidade familiar no seu contorno social.
- Posibilitar a intervención profesional individualizada coas familias con menores ao seu cargo, persoas con dependencia, discapacitados ou calquera outra situación familiar que poida desembocar nunha situación de risco ou dificultade social.
- Prestar apoio e colaboración na capacitación dos adultos que desempeñan roles parentais para desenvolverse adecuadamente no autocoidado, coidado e educación dos fillos e a atención, organización e mantemento do fogar.
- Coordinar as actuacións con todos os profesionais e institucións que interveñen nalgún aspecto da vida familiar, tanto os servizos sociais de atención primaria e os especializados, como os servizos sanitarios, educativos e todos aqueles que en calquera momento poidan estar relacionados dalgún xeito cos obxectivos deste programa.

### **AREAS DE INTERVENCIÓN:**

Familia, infancia e adolescencia, persoas adultas e persoas maiores.

Atención individualizada a persoas con diferentes problemáticas psicosociais que poidan desembocar en situacións de risco (familias con menores ao seu cargo, persoas con dependencia, discapacitados, etc.)

Menores.

Educación/Formación (de Nais e Pais/ Menores/ Adultos/ Maires) Colaboración cos Centros Educativos para a resolución de dificultades psicoeducativas das/os alumnas/os

Completar o servizo de axuda no fogar cando se identifiquen situacións carenciais ou de conflito que deban abordarse por medio da educación familiar.

Promoción da Saúde e Prevención da Enfermidade ou das Adicciones.

Poñer a disposición das familias participantes de alternativas, información, recursos e itinerarios socioeducativos en relación coas posibilidades do contorno.

### **TIPOS DE INTERVENCIÓN:**

Entrevistas individuais cas familias (ou membros individuais)

Visitas domiciliarias

Traballo en equipo (traballador social, CIM, OMIX)

Mediación familiar

Intervencións individuais ou grupais en diferentes ámbitos e grupos de idade

Coordinación con outros profesionais (traballador social, pediatra, profesores, etc.) servizos (Saúde Mental, GOF,...) ou institucións (Centros Educativos, etc.)

Derivación a recursos especializados

Seguementos

**Situación e Horario de Atención: Centro de Servizos Sociais**

**Luns a Venres de 9:00 a 14:00**

**Contacto:**

**Teléfono: 981.796.088**

**Email: [edufamiliar@coiros.es](mailto:edufamiliar@coiros.es)**